



INFORMACIÓN XERAL
Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores 2018
Concellería de Educación (Soutomaior)

Obxectivos: coñecer os valores medio ambientais do noso Concello da man dunha guía. Promover o senderismo como medio para estar en forma e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

Destinatarios/as: persoas interesadas en realizar unha actividade diferente e saudable (público xeral). Poderán participar todas as idades pero tendo en conta que todos os roteiros implican camiñar e moverse, fixarse na dificultade de cada roteiro, na duración, etc.

Inscripcións previa nos roteiros:

- Ata 5 días antes de cada roteiro na web do Concello a través do formulario habilitado para cada roteiro.

Comunicación de prazos: a comunicación de prazos farase o xoves ou venres antes da data de cada roteiro por razóns da metereoloxía. Comunicarase mediante correo electrónico ou por teléfono.

Material necesario:

- Calzado para camiñar. Moi recomendable con protección á auga no caso de realizar roteiros por zonas de auga.
 - Roupaxeitada ao día: chubasqueiro, pantalón de auga, paraugas,... (se chove); pantalón de monte, polar, camiseta térmica (se fai frío), roupa de baño si fai calor, etc.
 - É recomendable levar gorro ou viseira e crema solar.
 - É recomendable levar unha pequena mochila con auga (1/2 l) + Froita (ou bocadillo) ou outras cousas que se consideren necesarias tendo en conta cada roteiro.
- IMPORTANTE:** Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicáremolo o antes posible a cada participante.

Máis información na OMIX no teléfono 986 700 822 ou en educacion@soutomaior.com

Programa de roteiros:

8 de ABRIL.: ROTEIRO "Os vellos camiños da Montesíña"

Breve descrición: 6kms (dificultade baixa); Praia Fluvial A Xunqueira, sendeiros a carón do Verdugo, sendeiros pola zona baixa de Saramagoso. Variacións continuadas de paisaxes (ribeira, monte baixo, cotas, sendas, viñedos, zonas semiurbanas e zonas rurais), onde se farán paradas interpretativas.

Características: o desnivel é moderado, facéndose algo máis pendente nalgúns tramos. O terreo será inestable na maioría do percorrido, polo que se recomenda calzado de monte.

Duración: 3 h/roteiro

Data: domingo 8 de abril

Hora: 10:30 - 13:30

Custe: de balde!



Ferramentas: levaranse mapas para recoñecer o terreo sobre o que se vai avanzando. A /o monitor/a explicará a actividade a lectura de mapas para que poidades interpretar o sendeiro. As probas e pistas estarán relacionadas con aspectos naturais e culturais da zona. A finalidade destas probas e a diversión, o coñecemento do noso entorno e a cultura, así como, o respecto ao medio ambiente.

Inicio: A Xunqueira de Arcade. <https://goo.gl/maps/Z4B6mG7ekRk>

INSCRICIÓN EN LIÑA:

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdkGwcptpTqh2X9xAGv9Jd43JpSgUdZdVe40wXUk_uc05IPSQ/closedform

Prazo de inscrición: ata o 5 de abril.

6 DE MAIO: Roteiro: "Polas sendas da pesca"

Breve descrición: A ruta comeza na casa dos/as Pescadores/as que hai en Sobral e discorre todo o tempo a por ambas marxes do río Oitaven. No noso camiño teremos ocasión de aprender algo máis sobre a dinámica do río, as súas árbores e con algo de sorte, ver algúns dos animais que teñen aquí o seu fogar. Tamén poderemos visitar un par de muíños agochados entre a vexetación. E se o tempo acompaña, ao finalizar, poderemos gozar dun baño nas augas claras e frescas do río.

Características: 4,8 kms. Dificultade media; desnivel suave. Circular. Terreo irregular. Nalgún momento hai que esquivar algunha ramallada ou dar un pequeno salto para pasar algún pequeno obstáculo. Algún tramo pequeno de asfalto. Aconséllase calzado de camiñar e resistente á auga e roupa de baño.

Duración: 3 h/roteiro

Data: domingo 6 de maio

Hora: 10:30 - 13:30

Custe: de balde!

Inicio: Casa de pescadores/as, en Sobral. Coordenadas: -8,5575, 42,3402

INSCRICIÓN EN LIÑA: <https://goo.gl/forms/1Ua7DTsjy4BWHSeD3>

Prazo de inscrición: ata o 30 de abril.

10 de XUÑO: ROTEIRO POR SÁLVORA E ONS

Breve descrición: a actividade consistirá en realizar dous roteiros pero nesta ocasión serán pola Illa de Sálvora e pola Illa de Ons, dous arquipélagos do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, único Parque Nacional que temos na nosa Comunidade Autónoma. En ambos roteiros trataranse aspectos naturais pero tamén culturais, xa que ambas illas tiveron poboación nalgún momento. Durante a xornada non se camiñará todo o día senón que haberá descansos e tamén hai que ter en conta os traslados de ida, de volta e entre illas.

Data: domingo 10 de xuño

Duración: todo o día. Porase autobús para saír todos/as xuntos con paradas en dous puntos do Concello.

Hora de saída en autobús desde:

- Casa do Concello ás 09.05 h
- Cruce de Pierres ás 09.15 h.



Custe:

Ata os 12 anos: DE BALDE!

A partir de 13 anos: 12€ empadroados-as; 30€ non empadroados-as.

Forma de pago roteiro "Illa de Sálvora e Ons" : despois de inscribirse o pago terá que facerse ata o 1 de xuño como data límite. O pago poderá facerse:

- Presencialmente na OMIX.
- Transferencia bancaria e presentación na OMIX o xustificante de pago ou envialo a este correo educacion@soutomaior.com

No caso de non obter praza comunicárase á persoa interesada e devolverase o importe mediante o mesmo sistema de pago.

Consultar as bonificacións que se aplican a persoas empadroadas en relación a varios membros da unidade familiar anotados, situación de risco, cobro de prestacións, etc. recollidas no **ARTIGO 4-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS** da **ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE, CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO PROFESIONAL, ARTÍSTICO E PERSOAL REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

Aproximación ó programa da xornada:

Saída de Bueu ás 10.30 rumbo a Sálvora. Comezaremos o **primeiro roteiro** arredor das 12.45 h na Illa de Sálvora da man de dúas guías do parque, para coñecer aspectos naturais, pero tamén lendas e crenzas dos antigos habitantes de Sálvora. O roteiro non ten desnivel pero o camiño é irregular e sen asfaltar

Ó rematar, sobre as 13.30 partiremos para Ons onde tamén realizaremos un roteiro despois do xantar. Nada máis chegar teremos tempo para comer e darnos un **baño se apetecese e xantar.**

Despois de xantar quedarase cos participantes para facer o segundo percorrido da xornada dunha duración aproximada de hora e cuarto para coñecer a especial arquitectura da **illa de Ons**, así coma algúns dos valores naturais.

Ó rematar o sendeiro, tamén pola tarde, antes de regresar haberá unha actividade lúdica con contido medioambiental para as persoas interesadas na que poderán participar persoas de todas as idades. A duración desta actividade será dunha hora aproximadamente. Esta actividade **será opcional**, quenes non queiran participar poderá ter tempo libre na illa.

O barco de regreso a Bueu partirá ás 19.30 h. Na chegada ao peirao xa nos agardará o autobús de retorno a Soutomaior.